

O Concello acondiciona as contornas do Campo do Río e do pavillón de Lestedo

As contornas do Campo do Río e do pavillón de Lestedo lucirán unha nova faciana. O Concello de Boqueixón está a acometer o acondicionamento de ambos espazos públicos co fin de potenciar os seu atractivo turístico ao tempo que se integrarán na paisaxe. Estas obras supoñen un investimento de máis de 60.000 euros e contan con subvencións da Axencia de Turismo de Galicia.

A recuperación da contorna do Campo do Río consiste no nivelado do terreo para despois cubri-lo con 20 centímetros de terra vexetal con sementeira. Ademais, reporanse os pasais de formigón para o acceso ás Illas de Gres e creárase un novo acceso ao en adoquinado que discurrirá por baixo dunha das marxes da ponte.

No caso de Lestedo, creárase un área de descanso para favorecer a parada dos



Crearase un área de descanso na contorna do pavillón de Lestedo



Habilitación de beirarrúas no polígono de Sergude



Renovarase o paso ás Ínsuas de Gres

peregrinos. Ademais, construírse un muro exterior que rodeará ao pavillón e unha senda peonil.

Outras actuacións

Por outra banda, o Concello tamén está a acometer as obras de habilitación de beirarrúas interiores no polígono de Sergude. Neste caso, o investimento é de preto de 100.00 euros. O proxecto é posible grazas a unha

subvención da Consellería de Innovación e Industria.

A maiores, estanse a executar melloras en distintos viarios do municipio con cargo ao Plan POS. Estes son o que vai dende Vigo á estrada AC-261; o de Rubio e Zaramedo, e a pista de Noente a Sucira.

En proceso de licitación atópanse tres proxectos, dous deles do POS e outro, con subvención do Agader.

Os parques infantís das Escolas Unitarias estarán cubertos

O Concello de Boqueixón está a acometer os traballos de cubrición dos parques infantís de Camporrapado e Lestedo, localizados a carón das Escolas Unitarias. Estas actuacións contan cun investimento de preto de 50.000 € e

contan cunha subvención de Vicepresidencia.

Proximamente, invés-tíranse outros 20.000 €, con cargo ao superávit de 2019, na cubrición do de Sergude. Así, as unitarias terán todos os seus parques infantís cubertos.



Máis de cen persoas asistiron ao ciclo de teatro Escena Pequena

O ciclo de teatro infantil Escena Pequena rexistrou máis dun cento de asistentes aos tres espectáculos presentados durante o pasado mes de outubro. A última sesión tivo como protagonistas aos Monicreques de Kukas a través da representación *Xan Perillán, compre queixo, compra pan*. O espectáculo, ofrecido na Casa da Cultura de Camporrapado, está incluído no programa FalaRedes da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Con anterioridade a esta sesión ofrecéronse os espectáculos *Pallaso Total*, de Duende Circo, e *Os Bolechas e as portas do Camiño*, na Carballeira de Rodiño e na Casa da Cultura de Camporrapado, respectivamente. A iniciativa rexistrou boa acollida do público.

Para o mes de novembro estaba previsto o ciclo de teatro BocAberta dirixido a público adulto. Porén, tivo que aprazarse ata que as condicións sanitarias permitan a súa celebración.



Os Monicreques de Kukas protagonizaron a última sesión de 'Escena Pequena'



O alcalde coa mocidade participante no programa de voluntariado

Fin a unha nova edición do voluntariado xuvenil

O Concello de Boqueixón concluíu unha nova edición do seu programa de voluntariado xuvenil. Nel participaron 10 mozos e mozas, a través de iniciativas formativas e lúdicas.

Información aos peregrinos e atención socio-comunitaria centraron os principais labores a desenvolver pola mocidade. Unha experiencia que lles serviu para descubrir o traballo dos e das profesionais do sector.

Como broche ás actividades, ofrecéronse unha xornada de convivencia

e outra formativa e de intercambio de experiencias coas persoas voluntarias do municipio de Vedra. Ambos os dous concellos traballan conxuntamente no Programa de Voluntariado Xuvenil Val do Ulla.

Os mozos e mozas intercambiaron experiencias nun encontro en Vedra no que falaban sobre *Evolución e perspectivas do voluntariado ullán*. A cita contou coa presenza do alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández, quen gabou o labor da mocidade voluntaria.

Comezan as Tardes Educativas e de Lecer no CPIP Antonio Orza Couto

Preto dunha decena de nenos e nenas en idade escolar participan nas Tardes Educativas e de Lecer. O programa de conciliación desenvólvese no CPIP Antonio Orza Couto baixo todas as medidas de seguridade e prevención contra a COVID-19. Dadas as novas

restricións divídense en grupos máximos de 5 persoas (coa monitora) co fin de garantir a seguridade da cativada.

O programa aínda conta con algunhas prazas libres. Máis información, no Departamento de Cultura (cultura@boqueixon.com // 981 513 115).



Boqueixón, o primeiro Concello da bisbarra en adherirse ao novo convenio do transporte comarcal

Boqueixón vén de adherirse ao novo convenio da Área de Transporte Metropolitano de Santiago. Convértese, así, no primeiro Concello da bisbarra en sumarse a este plan tras aprobarse nun pleno extraordinario.

O alcalde boqueixonés, Manuel Fernández Munín, defendeu que “este convenio é bastante beneficioso para a veciñanza”. Porén, dende o Concello presentáronse alegacións ao anteproxecto de explotación do Plan de Transporte Público de Galicia.

Unha delas é relativa ás liñas integradas. No caso de Boqueixón, só se contempla unha: CPIP Antonio Orza Couto-Rebordaos. “Tendo en conta as condicionantes de dispersión poboación e a concentración de servizos na capital municipal, solicitamos a integración de to-



das as liñas escolares que chegan ao CPIP Plurilingüe Antonio Orza Couto”, explicou Fernández Munín.

Ademais, tamén se solicitou “transporte a demanda da liña Ponte Ledesma-Santiago, xa que é insuficiente a cobertura proposta, dúas expedicións diarias (07.50 e 18.30 horas) de luns a venres e só en período lectivo”. O

rexedor concretou que “esta liña atravesa o municipio dando cobertura case a totalidade das parroquias e a unha porcentaxe moi elevada da poboación, polo que é preciso dotarnos dunhas frecuencias diarias máis axeitadas (10:50h e 16:50h) que servirán de eixo vertebrador do transporte público para Boqueixón”, concluíu.

O PEL-Reactiva ofrece axudas para persoas autónomas e microempresas

Boqueixón vén de adherirse ao programa PEL-Reactiva da Deputación da Coruña. Trátase dun fondo de financiamento para a reactivación económica e social, que dotará de liquidez a autónomos e autónomas e microempresas, principal motor de desenvolvemento económico e alicerce fundamental do tecido empresarial.

Mediante o citado programa, o Concello de Boqueixón xestionará unha convocatoria de axudas dirixidas a financiar os gastos correntes das persoas traballadoras por conta propia ou autónomas e a microempresas do municipio, para mitigar os efectos negativos da pandemia.

As bases pódense consultar na web municipal. O prazo de solicitude empeza ao día seguinte da publicación das bases no BOP e finaliza o 25 de novembro.



As Escolas Deportivas redistribúense

Tras a aprobación das novas restricións contra a expansión da COVID-19, as Escolas Deportivas desdoblaron os grupos. Así, distribuiranse en cinco participantes que terán unha sesión de deporte semanal.



Xornada de loga en Ponte Ledesma

Preto de 10 persoas participaron na xornada de loga na natureza, na que se impartiron os principios básicos desta práctica milenaria. A actividade, que suscitou moito interese, desenvolveuse nas Ínsuas de Gres, en Ponte Ledesma.

A Guía Empresarial de Boqueixón busca engrosar a súa lista

O Concello de Boqueixón continúa co labor de recollida de datos para a creación da Guía Empresarial do municipio. Dende o Departamento de Desenvolvemento Local animan ao empresariado local a sumarse a esta iniciativa que servirá como base para poñer en marcha accións promocionais no futuro co obxectivo de poñer en valor o tecido empresarial do concello.

Para inscribirse cómpre cubrir un formulario en liña (dispoñible na web municipal).

Para máis información, as empresas, poden contactar co Departamento de Formación, Emprego e Desenvolvemento Local no teléfono 981 513 061 ou en emprego@boqueixon.com.

Programa especial do CIM polo Día contra a Violencia de Xénero

O Centro de Información á Muller (CIM) de Boqueixón ofrecerá o sábado 14 de novembro a II Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller. Esta actividade está incluída no programa especial que o CIM desenvolverá con motivo do Día contra a Violencia de Xénero, que se conmemora o vindeiro 25 de novembro (25-N).

A Xornada de Sensibilización desenvolverase na Casa da Cultura de Camporrapado ás 17.00 horas. A entrada é de balde, mais con aforo limitado. As persoas interesadas en asistir deberán reservar praza no propio CIM.

No caso de que a situación sanitaria non o permita, a segunda edición desta xornada realizarase en liña. Nese caso, darase conta da

modificación na celebración da actividade a través da web do Concello e de redes sociais.

Ao igual que na primeira edición, esta Xornada de Sensibilización contará cun testemuño. Nesta ocasión, será Joshua Mateo, o fillo maior de Sesé Mateo, asasinada en Chapela pola súa ex-parella en 2017.

O asasinato de Sesé Mateo supuxo para a familia o inicio dunha loita para combater a violencia institucional á que deben enfrontarse os nenos e nenas orfos por violencia machista. Entre as accións levadas a cabo por Joshua Mateo destaca *No camiño do vento*, un libro no que se recompilan textos e poemas escritos por Sesé, que dan conta do carácter loitador e activista da súa nai. A publicación poderase

mercado nesta xornada e haberá un espazo de lectura de poemas.

A música durante o evento correrá a cargo das Efémeras en cuarteto, que interpretarán varias pezas. Tamén se proxectarán dous audiovisuais.

O programa polo 25-N completárase coa presentación do conto infantil *Alén loita e acariña*, escrito por Yolanda Neira, psicóloga do CIM, e ilustrado por Blanca Millán, artista local. O acto terá lugar o día 25 de novembro ás 17.30 horas na Biblioteca Municipal de Boqueixón.

O programa especial conta co apoio da Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia da Xunta e do Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad.

AXENDA DO MES DE NOVIEMBRE

Luns
9

Videoforum pola Igualdade con motivo do 25-N

Centro Sociocultural de Lestedo
17.00 horas
Inscripcións a través do teléfono 670 353 942.
Organiza: Asociación de Mulleres Rurais de Lestedo.
Colabora: Secretaría Xeral de Igualdade (Xunta de Galicia).

Sábado
14

II Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller

Casa Cultura Camporrapado

17.00 horas

De balde - Aforo limitado

Ofreceráse nesta segunda edición da Xornada de Sensibilización o testemuño dunha persoa que viviu de preto as consecuencias da violencia machista. Requírese inscrición previa a realizar a través do Centro de Información á Muller de Boqueixón, onde tamén se pode solicitar máis información sobre esta actividade.

Biblioteca Municipal
17.30 horas

Presentación da publicación sobre violencia de xénero, escrita por Yolanda Neira e ilustrada por Blanca Millán.

e en decembro...

Mércores
2

Unidade móbil do DNI

Casa do Concello
Para obter ou renovar o DNI, cómpre solicitar cita previa no Departamento de Cultura (cultura@boqueixon.com ou no teléfono 981 513 115).

Mércores
25

Presentación do conto infantil 'Alén loita e acariña'

Máis información e inscricións:

Centraliña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

CIM: 981 513 061
cim@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com